



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	MECÁNICA		Código	730G03026
Titulación	Grao en Enxeñaría Mecánica			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Ramil Rego, Alberto	Correo electrónico	alberto.ramil@udc.es	
Profesorado	Ramil Rego, Alberto	Correo electrónico	alberto.ramil@udc.es	
Web				
Descripción xeral	O obxectivo xeral é o desenvolvemento das destrezas e actitudes necesarias para a aplicación dos principios fundamentais da mecánica á resolución de problemas de interese na enxeñaría. Abórdase a estática, cinemática e dinámica do punto material, dos sistemas e do sólido ríxido dende a formulación newtoniana e dende a formulación lagrangiana. Esta materia contribuirá á mellora da capacidade de análise e de construcción de modelos matemáticos que describen os efectos das forzas e os movementos sobre unha gran variedade de estruturas e máquinas incorporando as hipóteses físicas e as aproximacións matemáticas axeitadas.			
Plan de continxencia	<ol style="list-style-type: none">Modificacións nos contidos<ul style="list-style-type: none">? Non se realizarán cambiosMetodoloxías<ul style="list-style-type: none">*Metodoloxías docentes que se manteñenSesión maxistral (usando as ferramentas de teleformación dispoñibles na UDC)Solución de problemas (usando as ferramentas de teleformación dispoñibles na UDC)Traballos tutelados (usando as ferramentas de teleformación e videoconferencia dispoñibles na UDC)Proba mixta (usando as ferramentas de teleformación e videoconferencia dispoñibles na UDC)*Metodoloxías docentes que se modifican? Non haiMecanismos de atención personalizada ao alumnado<ul style="list-style-type: none">Tutorías por TEAMS semanalmenteCorreo electrónico: semanalmenteModificacións na avaliación<ul style="list-style-type: none">? Non se realizarán cambios*Observacións de avaliación:<ul style="list-style-type: none">? Non haiModificacións da bibliografía ou webgrafía<ul style="list-style-type: none">? Non se realizarán cambios			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A13	CR7 - Coñecemento dos principios de teoría de máquinas e mecanismos.
B1	CB01 - Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudio que parte da base da educación secundaria xeral e adoita encontrarse a un nivel que, áinda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio
B2	CB02 - Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio



B3	CB03 - Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B6	B3 - Ser capaz de concibir, deseñar ou poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con rigor científico para resolver calquera problema formulado, así como de comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a un público tanto especializados como leigo dun xeito claro e sen ambigüidades
B7	B5 - Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas
B8	B7 - Deseñar e realizar investigacións en ámbitos novos ou pouco coñecidos, con aplicación de técnicas de investigación (con metodoloxías tanto cuantitativas como cualitativas) en distintos contextos (ámbito público ou privado, con equipos homoxéneos ou multidisciplinares etc.) para identificar problemas e necesidades
B9	B8 - Adquirir unha formación metodolóxica que garanta o desenvolvemento de proxectos de investigación (de carácter cuantitativo e/ou cualitativo) cunha finalidade estratéxica e que contribúan a situarnos na vanguarda do coñecemento
C1	C3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	C7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe**Resultados de aprendizaxe****Competencias / Resultados do título**

Coñecer e comprender o método dos traballos virtuais e do potencial para a súa aplicación na resolución dos problemas de estática.	A13 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9	C1 C5
Coñecer e comprender a cinemática do sólido, sendo capaz de aplicar a composición de movementos.	A13 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9	C1 C5
Coñecer e comprender as leis da dinámica, tanto na súa formulación vectorial como analítica.	A13 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9	C1 C5

Contidos**Temas****Subtemas**

Cinemática do sólido ríxido. Estática. Dinámica de sistemas.	Leis fundamentais da dinámica Movimento do sólido ríxido en 2D Movimento do sólido ríxido en 3D Equilibrio, estabilidade e oscilacións
--	---

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A13 B1 B2 B3 C5	21	42	63
Solución de problemas	A13 B1 B2 B3 C1	21	42	63
Traballos tutelados	A13 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9 C1 C5	3	9	12
Proba mixta	A13 B1 B2	10	0	10
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais para desenvolver o programa da materia e realizar explicacións e exemplos que permitan a comprensión dos principios da materia para poder aplicalos a exemplos prácticos.
Solución de problemas	Resolución de problemas correspondentes aos diferentes temas do programa co obxectivo de entender os principios teóricos e coñecer a súa aplicación práctica, comparando diferentes métodos resaltando as vantaxes de cada un.
Traballos tutelados	Traballo individual dos estudiantes deseñado para promover a aprendizaxe autónoma baixo a tutela do profesor. O tema elíxese para poder aplicar os coñecementos desenvolvidos na materia pero que tamén inclúe aspectos non tratados nas clases maxistrais para desenvolver a capacidade de investigación e auto aprendizaxe.
Proba mixta	Son probas escritas que constan de preguntas de diferente tipo (resposta curta, ensaio, exercicios ou problemas) sobre os contidos da materia. O número de probas se especificará no apartado de avaliación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Proba mixta	Recoméndase a todos os alumnos que acudan a tutorías para aclarar cuestións relacionadas tanto coas clases de teoría como coas de problemas. No caso dos problemas recoméndase ademais que analicen con detalle os problemas resoltos e que traten de resolver os que se deixan sen resolver, consultando calquera dúbida ou dificultade.
Sesión maxistral	No traballo tutelado existe o deber de asistir a un mínimo de entrevistas co profesor. Estas entrevistas teñen como obxectivo definir o seu contido e o seu alcance, así como comprobar o progreso do mesmo.
Solución de problemas	No traballo tutelado existe o deber de asistir a un mínimo de entrevistas co profesor. Estas entrevistas teñen como obxectivo definir o seu contido e o seu alcance, así como comprobar o progreso do mismo.
Traballos tutelados	Os estudiantes con dispensa académica poderán solicitar a realización das tutorías nun horario diferente ao publicado na web da UDC.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A13 B1 B2	As catro probas mixtas terán carácter de avaliação continua polo que en cada proba se incluirán os contidos de todas as anteriores. O peso de cada proba será 10%, 20%, 30% e 40% do total da proba mixta. As datas destas probas serán as que figuren no calendario da planificación do curso publicado polo centro.	80



Traballos tutelados	A13 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9 C1 C5	O traballo é de carácter individual polo que se premiará a orixinalidade e penalizarase a copia de resultados ou do método utilizado. Cada estudiante deberá entregar o seu informe no prazo establecido e asistir ás tutorías obligatorias no calendario establecido. En caso de non cumplir estas condicións o traballo puntuarse como 0. A entrega realizarase a través da plataforma de teleformación da UDC.	20
Outros			

Observacións avaliación

Soamente serán cualificados como NON PRESENTADO os estudiantes que non concorran a ningunha das probas mixtas.

Admítese a dispensa académica nos termos establecidos no punto 5 de artigo 7º da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudiantes de grao e máster universitario na universidade da Coruña?", aprobada polo Consello Social do 04/05/2017. Por tanto, os estudiantes con dispensa académica serán avaliados en primeira oportunidade utilizando o mesmo sistema que o resto do alumnado, é dicir, traballo tutelado 20% + proba mixta 80%.

Na 2ª oportunidade non será posible a avaliación continua polo que a calificación do traballo será a da 1ª oportunidades e a proba mixta será unha única proba mixta na data sinalada para a proba final no calendario de exames do centro.

Fontes de información

Bibliografía básica	- J.M. Bastero; J. Casellas (1991). Curso de Mecánica (4ª Ed.). EUNSA - C.F. González (2003). Mecánica del sólido rígido. Ariel LIBROS DE PROBLEMAS:SPIEGEL, M.: "Teoría y Problemas de Mecánica Teórica". McGraw-HillCARRIL, R.D., FANO, J.: "Mecánica. Problemas Explicados". Jucar (1987)MESHERSKI, I.: "Problemas de Mecánica Teórica". Mir 2ªed (1985)LUMBROSO, H.: "Problemas resueltos de mecánica?". Reverté (1986)ESTELLÉS, H: "Problemas de Dinámica". UPV 2ªed (1989)SEELY, ENSIGN: "Mecánica Analítica para Ingenieros". UTEHA 3ªed (1992) KOTKIN, SERBO: "Problemas de Mecánica Clásica". MIR 2ª ed (1988) WELLS, D. A.: "Teoría y Problemas de Dinámica de Lagrange". McGraw-Hill (1972)
Bibliografía complementaria	- Prieto Alberca, Manuel (1986-1994). Curso de mecánica racional. Aula Documental de Investigación - Fernández-Rañada, Antonio (1990). Dinámica clásica. Alianza - Goldstein, Herbert (2002). Classical Mechanics. San Francisco : Addison Wesley

Recomendacións**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

CÁLCULO/730G03001

FÍSICA I/730G03003

ÁLXEBRA/730G03006

FÍSICA II/730G03009

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

ECUACIÓN DIFERENCIAIS/730G03011

FUNDAMENTOS DA ELECTRICIDADE/730G03012

TERMODINÁMICA/730G03014

Materias que continúan o temario

RESISTENCIA DOS MATERIAIS/730G03013

TEORÍA DE MÁQUINAS/730G03019

ELEMENTOS DE MÁQUINAS/730G03029

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

